



CÓMPUTO DO SERVIZO MILITAR PARA XUBILACIÓNS

CLASES PASIVAS

Hai que solicitar na subdelegación de defensa o recoñecemento dos servizos ao Estado. Para solicitalo hai que achegarse co DNI, a cartilla militar e cubrir o impreso correspondente.

- ✓ Milicia Universitaria: computa a efectos de xubilación. Aquí non basta coa cartilla, solicitan copia da documentación militar.
- ✓ Reenganche ao servizo: computa a efectos de xubilación.
- ✓ Obxección de conciencia: Hai que solicitar a documentación ao xulgado.

En canto ás diferentes xubilacións:

1. **Por idade obrigatoria de xubilación**: Compútase o tempo que exceda do servizo militar obrigatorio correspondente ao ano no que se fixera o servizo (ex: desde o ano 1970 ao 83 había que facer 15 meses de servizo militar; na ley 19/84 fálase de 12 meses...). Na subdelegación teñen ese cómputo.
2. **No caso de ser funcionario de carreira antes de prestar o servizo militar**: Aquí se computa todo o tempo de servizo militar prestado.

RÉXIME XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL

1. **Por xubilación voluntaria**:
 - Non imputable á vontade da persoa traballadora (despedida): Hai que ter 61 anos e acreditar 33 anos cotizados. Máximo recoñecemento de 1 ano (menos, se o tempo no servizo foi menor).
 - Por vontade propia: Hai que ter un mínimo de 63 anos e 35 cotizados. Máximo recoñecemento de 1 ano (menos, se o tempo no servizo foi menor)